

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	Chan do Monte	Marín	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC01	Administración de sistemas informáticos en rede	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0375	Servizos de rede e internet	2024/2025	8	140	168

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ÓSCAR NÚÑEZ AGUADO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo "Servizos de Rede e Internet" pertence o ciclo de Formación Profesional de grao superior "Administración de Sistemas Informáticos en Rede", que ten unha duración de 2.000 horas ao longo de 2 cursos académicos.

Este módulo impártese durante o segundo curso e contén a formación necesaria para desempeñar as tarefas de instalación e administración de servizos de rede e internet.

Esta función abrangue aspectos como:

- Procesos de instalación e administración de servizos de rede e básicos de internet.
- Procesos de instalación e administración de servizos de internet relacionados co acceso seguro e controlado á información.
- Procesos de instalación e administración de servizos multimedia.
- Control e seguimento da actividade dos servizos de rede e internet.
- Elaboración de documentación relativa á administración dos servizos de rede e internet.
- Uso de sistemas operativos libres e propietarios.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Instalación e administración dos servizos de rede e internet.
- Instalación e administración dos servizos multimedia.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Instalación e administración de servizos de rede e internet.
- Xestión de servidores e clientes.
- Instalación e administración de servizos multimedia.
- Monitorización e rexistro de actividade dos servizos de rede e internet.

O alumnado debe adquirir as destrezas necesarias que lle permitan desenvolverse nun mercado de traballo en constante cambio e innovación tecnolóxica, o que poderá requiren adaptacións no currículo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Servizo DHCP. Configuración Automática de Rede.	Esta UD trata dos servizos de configuración automática de rede e, especialmente, do protocolo DHCP, o máis extendido nas redes TCP/IP. Coñeceremos a utilidade, características e funcionamento deste protocolo, e aprenderemos a instalar e configurar servidores DHCP.	24	14
2	Servizo DNS. Sistema de Nomes de Dominio.	Esta UD trata dos servizos de nomes nas redes, e concretamente do DNS, o máis utilizado. Nela aprenderemos a súa utilidade, características e funcionamento. Aprenderemos a instalar e configurar servidores DNS.	32	18
3	Servizo FTP. Transferencia de Arquivos	Esta UD trata dos servizos de transferencia de arquivos, e concretamente, do FTP. Nela coñeceremos a súa utilidade, características e funcionamento, e aprenderemos a instalar e configurar clientes e servidores FTP.	20	12
4	Servizo Web. HTTP.	Esta UD trata do servizo web ou WWW. Nela coñeceremos a súa utilidade, características e funcionamento, estudiaremos o funcionamento do protocolo HTTP, e aprenderemos a instalar e configurar servidores web con seguridade.	28	17
5	Servizo de Correo Electrónico.	Esta UD trata do servizo de correo electrónico. Nela coñeceremos a súa utilidade, características e funcionamento, aprenderemos a utilizar distintos tipos de clientes de correo electrónico (MUAs), a instalar e configurar servidores, e estudiaremos os protocolos que utilizan para comunicarse (SMTP, POP, IMAP). Aprenderemos tamén a aplicar as medidas necesarias para acadar un servizo seguro.	28	17
6	Servizos de Mensaxería, Noticias e Listas de Distribución.	Esta UD trata dos servizos de mensaxería instantánea, noticias e listas de distribución. Nela coñeceremos a súa utilidade, características e funcionamento e aprenderemos a instalar e configurar servidores e clientes de distintos tipos.	16	10
7	Servizos de Audio e Vídeo.	Esta UD trata dos servizos de audio, vídeo e videoconferencia. Nela coñeceremos a súa utilidade, características e funcionamento, aprenderemos a instalar e configurar servidores de audio e vídeo, e aprenderemos tamén os fundamentos da videoconferencia.	20	12

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Servizo DHCP. Configuración Automática de Rede.	24

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Interconecta e administra sistemas en rede instalando mecanismos automatizados de configuración, e verifica a correcta asignación dos parámetros.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Recoñecéronse os mecanismos automatizados de configuración dos parámetros de rede e as súas vantaxes.
CA2.1.1 Recoñecéronse as vantaxes e características xerais dos mecanismos de configuración automática de rede.
CA2.1.2 Recoñecéronse os mecanismos de configuración automática dos parámetros de rede.
CA2.1.3 Configuráronse clientes DHCP en sistemas operativos libres e propietarios.
CA2.2 Ilustráronse os procedementos e as pautas que interveñen nunha solicitude de configuración dos parámetros de rede.
CA2.2.1 Ilustráronse os procedementos que interveñen nunha solicitude de configuración dos parámetros de rede.
CA2.2.2 Analizáronse os procedementos, formato e contido das mensaxes DHCP usando analizadores de protocolos.
CA2.3 Instaláronse servidores de configuración dos parámetros de rede en sistemas operativos libres e propietarios.
CA2.3.1 Instaláronse servidores de configuración dos parámetros de rede en sistemas operativos libres.
CA2.3.2 Instaláronse servidores de configuración dos parámetros de rede en sistemas operativos propietarios.
CA2.4 Preparouse o servizo para lles asignar a configuración básica aos equipamentos dunha rede local.
CA2.5 Configuráronse asignacións estáticas e dinámicas dos parámetros de rede.
CA2.6 Integráronse no servizo opcións adicionais de configuración dos parámetros de rede.
CA2.7 Documentáronse os procedementos realizados na administración de mecanismos automatizados de configuración dos parámetros de rede.
CA2.7.1 Documentáronse os procedementos realizados na instalación, configuración e administración do servizo DHCP.
CA2.7.2 Executáronse procedementos administrativos do servizo DHCP e describiuse a súa utilidade e funcionamento.
CA2.8 Identificáronse ameazas e medidas de seguridade aplicables no servizo DHCP.

4.1.e) Contidos

Contidos
Funcionamento do servizo. Asignacións: tipos. Parámetros e declaracións de configuración. Comandos utilizados para o funcionamento do servizo. Ficheiros de configuración. Ferramentas gráficas de configuración. DHCP spoofing . DHCP snooping .

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Servizo DNS. Sistema de Nomes de Dominio.	32

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Analiza e administra servizos de resolución de nomes con garantía da seguridade do servizo.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse e describíronse escenarios en que xurda a necesidade dun servizo de resolución de nomes.
CA1.2 Clasifícanse os principais mecanismos de resolución de nomes.
CA1.3 Describiuse a estrutura, a nomenclatura e a funcionalidade dos sistemas de nomes xerárquicos.

Criterios de avaliación
CA1.3.1 Describiuse a estrutura, a nomenclatura e a funcionalidade dos sistemas de nomes xerárquicos.
CA1.3.2 Configuráronse e usáronse clientes DNS e utilizáronse comandos relativos á resolución de nomes en sistemas operativos libres e propietarios.
CA1.3.3 Analizouse o formato e contido as mensaxes DNS usando analizadores de protocolos.
CA1.4 Instaláronse e configuráronse servizos xerárquicos de resolución de nomes en sistemas operativos libres e propietarios.
CA1.4.1 Instaláronse e configuráronse servizos xerárquicos de resolución de nomes en sistemas operativos libres.
CA1.4.2 Instaláronse e configuráronse servizos xerárquicos de resolución de nomes en sistemas operativos propietarios.
CA1.5 Preparouse o servizo para reenviar consultas de recursos externos a outro servidor de nomes.
CA1.6 Preparouse o servizo para almacenar e distribuír as respostas procedentes doutros servidores.
CA1.7 Engadíronse rexistros de nomes correspondentes a unha zona nova, con opcións relativas a servidores de correo e alias.
CA1.8 Implementáronse solucións de servidores de nomes en enderezos IP dinámicos.
CA1.9 Realizáronse transferencias de zona entre dous ou máis servidores.
CA1.10 Documentáronse os procedementos de instalación e configuración de servizos de resolución de nomes.
CA1.11 Identificáronse ameazas e medidas de seguridade aplicables no servizo DNS.

4.2.e) Contidos

Contidos
Sistemas de nomes planos e xerárquicos.
0Ficheiros de configuración.
Ferramentas gráficas de configuración
Seguridade en DNS. TSIG, TKEY, DNSSEC.

Contidos
<p>Resolutores de nomes. Proceso de resolución dun nome de dominio.</p> <p>Servidores raíz, e dominios de primeiro nivel e sucesivos.</p> <p>Zonas primarias e secundarias: transferencias de zona.</p> <p>Servidores maestros ou primarios e escravos ou secundarios</p> <p>Transferencias de zona.</p> <p>Tipos de rexistros.</p> <p>Servidores de nomes en enderezos IP dinámicos.</p> <p>Uso de reenviadores.</p> <p>Resolución inversa.</p> <p>Comandos relativos á resolución de nomes.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Servizo FTP. Transferencia de Arquivos.	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Instala e administra servizos de transferencia de ficheiros, e verifica que se asegure e se limite o acceso á información.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Estableceuse a utilidade e o modo de operación do servizo de transferencia de ficheiros.
CA4.1.1 Estableceuse a utilidade e o modo de operación do servizo de transferencia de ficheiros.

Criterios de avaliación
CA4.1.2 Analizouse o formato e contido do tráfico FTP usando analizadores de protocolos.
CA4.2 Instaláronse e configuráronse servidores de transferencia de ficheiros en sistemas operativos libres e propietarios.
CA4.2.1 Instaláronse e configuráronse servidores de transferencia de ficheiros en sistemas operativos libres.
CA4.2.2 Instaláronse e configuráronse servidores de transferencia de ficheiros en sistemas operativos propietarios.
CA4.3 Creáronse usuarios e grupos para acceso remoto ao servidor.
CA4.4 Configurouse o acceso anónimo.
CA4.5 Establecéronse límites nos modos de acceso.
CA4.6 Comprobouse o acceso ao servidor en modo activo e en modo pasivo.
CA4.7 Realizáronse probas con clientes en liña de comandos e en modo gráfico.
CA4.8 Utilizouse o navegador como cliente do servizo de transferencia de ficheiros.
CA4.9 Elaborouse documentación relativa á instalación, a configuración e as recomendacións de uso do servizo.
0CA4.10 Identificáronse ameazas e medidas de seguridade aplicables no servizo FTP.

4.3.e) Contidos

Contidos
Funcionalidade do servizo. Servidores e clientes.
Configuración do servizo de transferencia de ficheiros: permisos e cotas.
Tipos de usuarios e accesos ao servizo.
Modos de conexión do cliente.
Tipos de transferencia de ficheiros.

Contidos
<p>Utilización do servizo en modo texto. Comandos</p> <p>Utilización de ferramentas gráficas.</p> <p>Transferencias seguras con FTPS, SFTP e SCP.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Servizo Web. HTTP.	28

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Administra servidores web configurando o servizo de acordo coas necesidades de uso.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense os fundamentos e os protocolos en que se basea o funcionamento dun servidor web.
CA3.1.1 Descríbense os fundamentos e os protocolos en que se basea o funcionamento do servizo web.
CA3.1.2 Configúranse e úsanse navegadores en sistemas operativos libres e propietarios.
CA3.1.3 Descríbiuse o funcionamento do protocolo HTTP a través do uso de ferramentas para analizar o formato e contido as mensaxes HTTP.
CA3.2 Instáláronse e configúranse servidores web en sistemas operativos libres e propietarios.
CA3.2.1 Instáláronse e configúranse servidores web en sistemas operativos libres.
CA3.2.2 Instáláronse e configúranse servidores web en sistemas operativos propietarios.
CA3.3 Amplíouse a funcionalidade do servidor mediante a activación e a configuración de módulos.

Criterios de avaliación

CA3.4 Creáronse e configuráronse sitios virtuais.

CA3.5 Configúranse os mecanismos de autenticación e control de acceso do servidor.

CA3.6 Obtivéronse e instaláronse certificados dixitais.

CA3.7 Establecéronse mecanismos para asegurar as comunicacións entre cliente e servidor.

CA3.8 Realizáronse probas de monitorización do servizo.

CA3.9 Analizáronse os rexistros do servizo para a elaboración de estatísticas e a resolución de incidencias.

CA3.10 Elaborouse documentación relativa á instalación, a configuración e as recomendacións de uso do servizo.

4.4.e) Contidos**Contidos**

Características xerais dun servidor web.

0Navegadores web: parámetros de aparencia e uso.

Rexistro e configuración.

Protocolo HTTP.

Tipos MIME.

Configuración básica dun servidor web

Módulos: instalación, configuración e uso.

Hóspedes (hosts) virtuais: creación, configuración e uso.

Autenticación e control de acceso.

Protocolo HTTPS

Certificados. Servidores de certificados.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Servizo de Correo Electrónico.	28

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Instala e administra servidores de correo electrónico aplicando criterios de configuración, de xeito que se garanta a seguridade do servizo.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Descríbense os protocolos que interveñen no envío e na recollida do correo electrónico.
CA5.2 Instalouse e configurouse un servidor de correo electrónico en sistemas operativos libres e propietarios.
CA5.2.1 Instalouse e configurouse un servidor de correo electrónico en sistemas operativos libres.
CA5.2.2 Instalouse e configurouse un servidor de correo electrónico en sistemas operativos propietarios.
CA5.3 Creáronse contas de usuario e verificouse o acceso a elas.
CA5.4 Establecéronse e aplicáronse métodos para impedir usos indebidos do servidor de correo electrónico.
CA5.5 Instaláronse servizos para permitir a recollida remota do correo existente nas caixas de usuario.
CA5.6 Usáronse clientes de correo electrónico para enviar e recibir correo desde as contas creadas no servidor.
CA5.7 Utilizouse a sinatura dixital e o correo cifrado.
CA5.8 Configurouse o servidor de correo como un servizo seguro.
CA5.9 Elaborouse documentación relativa á instalación, á configuración e ás recomendacións de uso do servizo.

4.5.e) Contidos

Contidos
Elementos do servizo de correo electrónico. Axentes. 0Protocolos e servizos de descarga de correo. Protocolos seguros de correo electrónico: SMTPS, POPS, IMAPS. Estrutura das mensaxes de correo electrónico. Protocolo de transferencia de mensaxes. Clientes de correo electrónico. Contas de correo, alias e caixas de usuario. Servizo de correo electrónico vía web. Correo seguro: sinatura dixital e cifraxa de mensaxes. Reenvío de correo. Integración de módulos antivirus e filtro para correo non desexado.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Servizos de Mensaxería, Noticias e Listas de Distribución.	16

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Instala e administra servizos de mensaxaría instantánea, noticias e listas de distribución, de xeito que se asegure o acceso dos usuarios.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Descríbense os servizos de mensaxaría instantánea, noticias e listas de distribución.
CA6.2 Instalouse e configurouse o servizo de mensaxaría instantánea.
CA6.3 Utilizáronse clientes gráficos e de texto de mensaxaría instantánea.
CA6.4 Instalouse e configurouse o servizo de noticias.
CA6.5 Instalouse e configurouse o servizo de listas de distribución.
CA6.6 Determinouse o tipo de lista e os modos de acceso permitidos.
CA6.7 Créanse contas de usuario e verifícase o acceso aos servizos de mensaxaría instantánea, noticias e listas de distribución.
CA6.7.1 Créanse contas de usuario e verifícase o acceso ao servizo de mensaxaría instantánea.
CA6.7.2 Créanse contas de usuario e verifícase o acceso ao servizo de noticias.
CA6.7.3 Créanse contas de usuario e verifícase o acceso ao servizo de listas de distribución.
CA6.8 Elaborouse documentación relativa á instalación, á configuración e ás recomendacións de uso dos servizos de mensaxaría instantánea, noticias e listas de distribución.
CA6.8.1 Elaborouse documentación relativa á instalación, á configuración e ás recomendacións de uso do servizo de mensaxaría instantánea.
CA6.8.2 Elaborouse documentación relativa á instalación, á configuración e ás recomendacións de uso do servizo de noticias.
CA6.8.3 Elaborouse documentación relativa á instalación, á configuración e ás recomendacións de uso do servizo de listas de distribución.

4.6.e) Contidos

Contidos
Características do servizo de mensaxaría instantánea: protocolos.

Contidos
<p>Cientes gráficos e en modo texto de mensaxaría instantánea.</p> <p>Uso da mensaxaría instantánea. Normas de respecto.</p> <p>Características do servizo de noticias: protocolos.</p> <p>Cientes gráficos de noticias.</p> <p>Grupos de noticias</p> <p>Características do servizo de listas de distribución: protocolos.</p> <p>Tipos de listas de distribución e de acceso a elas.</p>

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Servizos de Audio e Vídeo.	20

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Instala e administra servizos de audio, e adapta os formatos en función das necesidades de distribución identificadas.	SI
RA8 - Instala e administra servizos de vídeo, e adapta os formatos en función das necesidades de distribución identificadas.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Describiuse a funcionalidade do servizo de audio.
CA7.2 Instalouse e configurouse un servidor de distribución de audio.
CA7.3 Instalouse e configurouse o cliente para o acceso ao servidor de audio.

Criterios de avaliación
CA7.4 Recoñecéronse e utilizáronse formatos de audio dixital.
CA7.5 Utilizáronse ferramentas de reprodución de audio no cliente.
CA7.6 Utilizáronse servizos de audio a través do navegador.
CA7.7 Utilizáronse técnicas de sindicación e subscrición de audio.
CA7.8 Elaborouse documentación relativa á instalación e á administración do servidor de audio.
CA8.1 Describiuse a funcionalidade do servizo de vídeo.
CA8.2 Instalouse e configurouse un servidor de vídeo.
CA8.3 Configurouse o cliente para o acceso ao servidor de vídeo.
CA8.4 Recoñecéronse e utilizáronse formatos de compresión de vídeo dixital.
CA8.5 Utilizáronse técnicas de sindicación e subscrición de vídeo.
CA8.6 Descríronse as características e os protocolos utilizados no servizo de videoconferencia.
CA8.7 Instaláronse e configuráronse ferramentas gráficas para realizar videoconferencia.
CA8.8 Utilizáronse ferramentas gráficas e navegadores para realizar videoconferencias.
CA8.9 Elaborouse documentación relativa á instalación e á administración do servidor de vídeo e do servizo de videoconferencia.
CA8.9.1 Elaborouse documentación relativa á instalación e á administración do servidor de vídeo.
CA8.9.2 Elaborouse documentación relativa á instalación e á administración do servizo de videoconferencia.

4.7.e) Contidos

Contidos
Funcionalidade do servizo de audio.
Formatos de audio. Códecs e reprodutores.
Servidores de streaming.
Sindicación e subscrición de audio. Podcast.
Funcionalidade do servizo de vídeo.
Formatos de imaxe.
Servidores de vídeo.
Formatos de vídeo. Códecs e reprodutores.
Sindicación e subscrición de vídeo.
Videoconferencia.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

<p>Mínimos esixibles</p> <p>A avaliación do alumnado levarase a cabo en base aos criterios de avaliación definidos na programación didáctica do módulo. Os mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva son aqueles indicados nos apartados 4.1d de cada unidade didáctica. En calquera caso será necesario ter superado o 50% de cada unidade didáctica para superar o módulo.</p> <p>Criterios de cualificación</p> <p>Para superar unha UD o alumnado deberá:</p> <ul style="list-style-type: none">* ter entregado, en tempo e forma, e superado todas as actividades obrigatorias desa UD.* obter unha puntuación mínima dun 5 na proba escrita que se realizará na aula virtual. Esta proba poderá ser teórica e/ou práctica e pode requirer ter completadas ás actividades obrigatorias para poder realizala.
--

A nota de cada UD será un número, de 0 a 10 con decimais, e calcularase como segue:

Nota UD =

* 20% Prácticas e actividades obrigatorias Media Ponderada.

* 80% Proba escrita.

Unha vez superada unha UD, o alumnado poderá realizar actividades voluntarias, propostas polo profesorado ou polo propio alumnado, para subir nota.

O alumnado que non supere unha UD terá unha nova oportunidade de recuperala antes do exame final de curso, para o que terá que entregar correctamente as tarefas obrigatorias que puidera ter pendentes, e/ou facer unha nova proba escrita.

En cada sesión de avaliación do módulo emitirase unha nota no boletín, de 1 a 10 sen decimais, que se calculará como a media das notas de todas as UD's impartidas e avaliadas ata o momento, ponderadas polo peso de cada unidade na programación, e redondeadas ao número enteiro máis próximo.

No caso de non ter superada algunha UD, a nota máxima da avaliación será dun 4.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Antes do remate das clases, o alumnado que tivera UD's pendentes poderá recuperalas:

- entregando as prácticas obrigatorias que puidera non ter entregado, e
- realizando e superando unha nova proba escrita se non a tivera superado no momento.

Se ao rematar as clases, o alumnado aínda tivera UD's pendentes deberá presentarse ao exame final extraordinario para superar as partes que corresponda.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que falte de forma inxustificada máis dun 10% das horas totais do módulo perderá o dereito á avaliación continua.

Para superar o módulo deberán someterse a unha proba final. Dita proba será teórico-práctica, estará dividida en

unidades didácticas que terá que superar cun mínimo de 5 sobre 10 en cada unha delas.
A nota final será calculada seguindo a ponderación estipulada no apartado 3 desta programación.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación realizarase na aplicación web da Xunta para as programacións.

No que respecta a avaliación da programación, esta se avaliará mediante os seguintes procedementos:

- De xeito continuo, o profesor avaliará na clase a medida en que o alumnado acada de forma xeral os obxectivos fixados nas distintas unidades didácticas. En consecuencia, poderase decidir incidir en determinados contidos e/ou actividades, aumentando se se considera necesario o número de sesións adicadas a unha determinada unidade.

- En reunións de equipo docente, de departamento e xuntas de avaliación, ao longo do curso, nas que se realizará o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se fose o caso.

- O profesor recollerá a temporalización real das distintas unidades didácticas, co obxectivo de poder corrixir no propio curso os desfases detectados fronte a temporalización prevista e precisar mellor a temporalización das unidades en vindeiros cursos académicos.

- Memoria fin de curso, na que, entre outros temas, se recolle a porcentaxe da programación impartida e as causas de non impartir o previsto, así coma a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.

En xeral, ao rematar o curso, poderanse avaliar os seguintes puntos:

- 1.- Grao de cumprimento da programación.
- 2.- Adecuación e duración das unidades didácticas e das actividades que as compoñen.
- 3.- Idoneidade dos procedementos de cualificación empregados.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso realizarase a avaliación inicial para avaliar os coñecementos previos que o alumnado pioda ter desta materia a fin de adecuar estratexicamente o proceso de ensino-aprendizaxe. Se é necesario

introduciranse adaptacións na programación do módulo, unha vez coñecida a realidade do alumnado e valorarase a necesidade de adoptar outro tipo de medidas para unha mellor atención á diversidade.

O alumnado realizará un cuestionario individual con preguntas sobre contidos variados do módulo, formación ou experiencia previos, etc.

Ademais o profesorado recopilará información adicional a través de:

- Realizar preguntas na clase
- Pequenas probas sobre a materia impartida e as actividades realizadas
- Observacións de actitudes, hábitos de aprendizaxe, habilidades académicas e adaptación á clase
- Observar o material, apuntamentos, pequenos traballos escritos ou orais do alumnado
- Coñecer os perfís do alumnado.

Na sesión de avaliación inicial reuniranse os profesores do equipo docente do curso coa finalidade de describir a situación inicial, deducir as necesidades que aparecen, realizar propostas e tomar decisións conxuntas en torno a un alumno/a ou un grupo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Durante o desenvolvemento do curso prestarase especial atención ao alumnado que presente necesidades educativas especiais, pudiendo aplicar algunha das seguintes medidas:

- Establecer secuencias de contidos que aseguren aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.
- Secuenciación diferenciada das unidades didácticas.
- Diseñar actividades de ensino-aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade.
- Realización dun maior número de actividades graduadas en dificultade.
- Establecer agrupamentos que permitan contextos de aprendizaxe colaborativos.
- Considerar diferente tempo de realización das actividades en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Pór á disposición do alumnado os recursos adicionais que fosen necesarios.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores se traballará de forma transversal ao longo do desenvolvemento de cada Unidade Didáctica.
Trataranse de transmitir valores cívicos e profesionais para que se adapten ó mundo laboral.

Farase especial fincapé dos valores de responsabilidade e traballo en equipo.

Cos traballos desenvolvidos en grupo de forma cooperativa se pretende lograr que o alumnado sexa quen de:

- * Educación en saúde
- * Compartir ideas
- * Tolerar e aceptar outros puntos de vista
- * Aceptar outras formas de traballar
- * Adaptarse a grupos heteroxéneos

Incidírase tamén sobre os seguintes aspectos específicos:

- * Uso responsable do equipamento informático.
- * Uso responsable e seguro das novas tecnoloxías en xeral.
- * Aprendizaxe permanente ó longo da vida.
- * Importancia que ten o movemento de Software Libre no desenvolvemento dunha carreira profesional, o contorno produtivo de Galicia e as súas implicacións sociais.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Os alumnos poderán participar nas actividades propostas polo departamento.

Éstas poderán consistir en visitas a empresas, visitas de profesionais e relatores externos, participación en concursos e certames, asistencia a formación ou participación en actividades ou convocatorias relacionadas co ámbito profesional no que se están a formar.

10. Outros apartados

10.1) Publicidade

A programación estará dispoñible na páxina Web do centro e na Aula Virtual do Módulo.